



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL DO PLENO

**RESUMO DOS ACORDOS DO PLENO DO CONCELLO DO DÍA 29 DE
DECEMBRO DO ANO 2021**

1.- Toma de posesión do concelleiro electo Don Antonio Fernández Martín.

O secretario pon en coñecemento da corporación que, con data do 17 de decembro de 2021, a Xunta Electoral Central expediu a credencial de concelleiro electo de don Antonio Fernández Martín, pertencente á candidatura de DEMOCRACIA OURENSANA (D.O), ás eleccións locais do 29 de maio de 2019 en substitución, por renuncia, de don José Miguel Caride Domínguez.

O artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local dispón que todos os membros das corporacións locais formularán declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos e tamén formularán declaración dos seus bens patrimoniais. Ponse igualmente en coñecemento da corporación que ambas as dúas declaracións foron presentadas polo Sr. Fernández Martín, segundo os modelos aprobados polo Concello Pleno o 9 de novembro de 2007, quedando inscritas nos rexistros municipais que figuran na súa Secretaría Xeral.

O artigo 108.8 da Lei electoral xeral dispón que no momento de tomar posesión e para adquirir a plena condición dos seus cargos, os candidatos electos deben xurar ou prometer acatamento á Constitución, así como a cumprimentar os demais requisitos previstos nas leis ou regulamentos respectivos, sendo estes últimos os citados con anterioridade.

Pola súa banda, o artigo 1 do Real decreto 707/1979, do 5 de abril, establece a fórmula de xuramento en cargos e funcións públicas.

Por todo o exposto procede a toma de posesión do proclamado concelleiro electo, don Antonio Fernández Martín.

Deseguido procederá a Alcaldía a darlle a toma de posesión a don Antonio Fernández Martín.

Don Antonio Fernández Martín achégase ao estrado de presidencia e manifesta ante a alcaldía:

“Juro por mi conciencia y honor cumplir con fidelidad las obligaciones del cargo de concejal del Excmo. Concello de Ourense con lealtad al Rey y guardar y hacer guardar la Constitución como norma fundamental del Estado”.

A Alcaldía fai a imposición da medalla corporativa e das insignias da corporación.

2.- Aprobación da conta xeral do Concello de Ourense do exercicio 2020 Expte CIVIDAS 2021021261

O Secretario dá lectura ao ditame da Comisión de Contas do 4 de novembro de 2021 no que, o expediente, a Conta, ditaminouse favorablemente pola Comisión Especial de Contas pola maioría dos presentes (9 votos a favor do PP, DO, PSdeG-PSOE, Ciudadanos e non adscritos e 1 abstención do BNG).

E consecuencia, elévase ao Pleno a seguinte proposta: Aprobar a Conta Xeral do Concello correspondente ao ano 2020.

Render a Conta Xeral ao Consello de Contas de Galicia, conforme ao previsto no citado artigo 212 e na instrución do modelo normal de contabilidade local.

O Pleno do Concello, por doce votos a favor do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal de Democracia Ourenzana, do Grupo Municipal de Ciudadanos e de don Laureano Bermejo Ansia, concelleiro non adscrito; dous votos en contra do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego; e once abstencións do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE e de dona M^a Teresa Rodríguez Garrido, de dona M^a del Mar Fernández Dibuja e de don Manuel Álvarez Fernández, concelleiros non adscritos, adoptou o seguinte **ACORDO**:

Único.- Aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2020 do Concello de Ourense, que comprende a conta da propia entidade Concello de Ourense e a conta do OOAA Consello Municipal de Deportes, nos termos e coa documentación que consta no expediente.

3.- Expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das liquidacións achegas das Escolas Infantís-Galiñas Azuis correspondentes ao exercicio do 2019 Expte CIVIDAS 2019044383

O Pleno do Concello, por unanimidade dos vinte e CINCO concelleiros asistentes, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a inclusión na orde do día sen estar ditaminado.

O secretario dá lectura ao informe-proposta do xefe do Servizo de Educación do 24 de novembro de 2021 e, previo informe favorable da Intervención Municipal do 16 de



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL

decembro de 2021, que se incorpora ao expediente, elévase ao Pleno da Corporación a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Punto Único

Aprobar, comprometer o gasto e recoñecer a obriga co Consorcio Galego de Igualdade e Benestar con CIF S1500072B, con cargo ás partidas:

N 200.3230.46700 “Achea funcionamento Escolas Galiñas Azuis” cos seguintes RC Nº: **202100044001**, por valor de **7.225,00 EUROS**.

S 200.3230.46700 “Achea funcionamento Escolas Galiñas Azuis” co seguinte RC Nº: **202100044000**, por valor de **196.600,00 EUROS**.

das cantidades seguintes:

1. Escola Infantil Barrocáns liquidación nº **339/2019** correspondente o primeiro semestre de 2019: 35.550 €
 2. Escola Infantil Barrocáns liquidación nº **737/2019** correspondente o segundo semestre de 2019: 40.950 €.
 3. Escola Infantil Colón liquidación nº **340/2019** correspondente o primeiro semestre de 2019: 17.100 €
 4. Escola Infantil Colón liquidación nº **739/2019** correspondente o segundo semestre de 2019: 17.100 €
- Centro Interxeracional liquidación nº **341/2019** correspondente o primeiro semestre de 2019: 39.875 €
 - Centro Interxeracional liquidación nº **739/2019** correspondente o segundo semestre de 2019: 53.250 €.

IMPORTE TOTAL: 203.825 €

O Concello Pleno, por unanimidade dos presentes, adoptou o seguinte ACORDO:
Aprobar a proposta.